

## VOLVE O CICLO AUTORRETRATOS CON TRES NOVAS RETROSPECTIVAS

O [Ciclo Autorretratos](#) afronta a súa terceira temporada coa presenza en **Santiago de Compostela** de tres persoalísimas voces da escena independente. [Peter J. Brant](#) (alter ego de **Ben & Bruno**), [Fletcher Tucker](#) (**Bird by Snow**), e [Rick Treffers](#) (**Mist**), ofrecerán concertos especiais, adaptados ao formato acústico e intimista propio do ciclo organizado por [Desconcierto Cultural](#).

Tras as retrospectivas de [Greg Dulli](#) (**The Afghan Whigs**), [Robin Proper Sheppard](#) (**Sophia**) e [Nathan Admuson](#) (**Rivulets**), Desconcierto Cultural abre o ano con tres novos autores de culto. Todos eles téñenos preparados, para a súa cita compostelá, uns concertos moi especiais nos que ofrecerán un repaso da súa carreira; diferentes, xa que logo, do que se vai poder escoitar no resto da xira peninsular.

Como vén sendo habitual, co afán de reducir a distancia entre público e artista, as actuacións do Ciclo Autorretratos terán un aforo limitado. Todos os concertos do ciclo van ter lugar no [Kunsthalle](#); os días 6 e 19 de febreiro poderemos ver a Peter J. Brant e Bird by Snow, respectivamente, e o 21 de marzo a Rick Treffers. As entradas anticipadas para cada un dos concertos pódense adquirir por 6 euros (5 euros para socios de Desconcierto Cultural) a través de [desconciertocultural.ticketea.com](http://desconciertocultural.ticketea.com) ou no mesmo Kunsthalle.

### **BEN & BRUNO (PETER J. BRANT)**

[Ben & Bruno](#) é o proxecto musical de **Peter J. Brant**: un cancionero creado polo propio Peter, en colaboración con outros músicos, no que narra as vivencias do orfo Ben, quen, tras perder a súa nai, é secuestrado por unha veciña fanática da que se namora, casa con ela, teñen dúas fillas en común e ao final acaban separándose. Trátase dun percorrido existencial polos recantos deste personaxe que, na voz do artista norteamericano, destila aromas a folk experimental, unhas veces infantil e campestre, outras máis urxente e urbano, co que por momentos nos trae á memoria figuras como **Damien Jurado**, **Lou Barlow** ou os desaparecidos **Elliott Smith** e **Mark Linkous**.

Nos últimos oito anos, Peter J. Brant gravou con Ben & Bruno seis álbums: dende o delicioso *Handsome Danny* a *Marcescant*, e sempre cun equilibrio perfecto entre melodías cargadas de emoción e de simplicidade instrumental. Ademais conta cunha recoñecida traxectoria como realizador visual, xa que dirixiu videoclips para [The War on Drugs](#) ou [The Shadow Bureau](#), así como pequenas curtametraxes que adoita proxectar antes das súas actuacións.

## **BIRD BY SNOW (FLETCHER TUCKER)**

Poeta, pintor, escultor, fotógrafo, produtor e, por suposto, músico, **Fletcher Tucker** é un artista nato que non entende de convencionalismos nin de disciplinas. Co sobrenome de [Bird by Snow](#), Tucker compón —ou canaliza, como di el— cancións inmediatas, intelixentes, en aparencia desconexas, pero perfectas en esencia.

En realidade, a súa proposta non se afasta moito do **Mount Eerie** máis orgánico, xa que, coma o de **Anacortes**, saca a súa inspiración de paisaxes naturais que impregna cunha voz magnética, tremendamente suxestiva e case narcótica. Tucker acaba de editar un novo disco —o quinto xa— que se chama *Offering*, unha delicia inmediata, fermosa, que vai dereita ás entrañas.

Fletcher é tamén o responsable de [Gnome Life Records](#), un selo discográfico moi persoal que fai de cada referencia unha verdadeira peza de coleccionista, e polo cal desfilaron artistas como **Little Wings**, **Daniel Higgs** ou **Wildbirds & Peacedrums**.

## **RICK TREFFERS (MIST)**

O holandés [Rick Treffers](#) sempre quixo vivir en **España**. Por iso os seus tres LP e dous EP como líder do grupo [Mist](#) se editaron aquí, con aditivas melodías pop e un son que se recrea na melancolía máis fermosa, veciña do «dream pop».

Durante as súas xiras pola península Rick pasa tempadas en **Galicia**, e foi o reclamo principal do primeiro [Live in the Living](#) galego, un festival que tiña lugar en domicilios particulares, creado polo propio Rick, e que contou con varias edicións en **Alemaña**, en **Holanda** e en España.

Dende hai un ano, Rick conseguiu cumprir o seu soño e estableceuse definitivamente en España. Acaba de editar un disco co nome de *El Turista Optimista*, no que intenta descifrar a realidade española dende os ollos dun foráneo, con moito sentido do humor e cunha ironía sa.

A súa máis recente e orixinal idea foi percorrer a cidade de **Valencia** en bicicleta durante un día acompañado da súa guitarra, parando en bares, museos, mercados, tendas, hoteis, centros culturais e restaurantes, e tocando en todos eles. A súa actuación en Santiago será o preludio dun novo proxecto no que se acaba de embarcar: facer o Camiño de Santiago en Semana Santa, tamén coa súa guitarra e cantando en todas as localidades polas que pase.



**Peter J Brant (Ben & Bruno)**

06/02/13 | Kunsthalle | 21:00

Web: [ppjjjbbb.com](http://ppjjjbbb.com)

Audio: [Bandcamp](#)

Video: [1](#)

Fotos Hi-Res: [1](#) | [2](#)



**Fletcher Tucker (Bird by Snow)**

19/02/13 | Kunsthalle | 21:00

Web: [birdbysnow.com](http://birdbysnow.com)

Audio: [Bandcamp](#) | [Spotify](#)

Video: [1](#) | [2](#)

Fotos Hi-Res: [1](#)



**Rick Treffers (Mist)**

21/03/13 | Kunsthalle | 21:00

Web: [ricktreffers.com](http://ricktreffers.com)

Audio: [Bandcamp](#) | [Spotify](#)

Video: [1](#) | <http://www.youtube.com/watch?v=Ve3U4tNgrV02>

Fotos Hi-Res: [1](#) | [2](#)

**Asociación Desconcerto Cultural**

web ciclo: [www.autorretratos.es](http://www.autorretratos.es)

email general: [info@desconciertocultural.com](mailto:info@desconciertocultural.com)

[www.desconciertocultural.com](http://www.desconciertocultural.com)